



**Motivacións dos cambios de nomes de concellos
no Nomenclátor de Galicia de 2026**

**Seminario de Onomástica
Real Academia Galega**



ÍNDICE


A CANIZA.....	3
A RIBEIRA DE PIQUÍN	8
ALFOZ DO CASTRODOURO	11
O CAMPO LAMEIRO	15
CANGAS DE MORRAZO	18
O CASTRO DE CALDELAS.....	21
O PORTO DO SON.....	25
O RIÓS	29
PASTORIZA	33
CERDEDO COTOBADE, MONDARIZ BALNEARIO E OZA CESURAS.....	36

A CANIZA

O Seminario de Onomástica da Real Academia ditaminou mudar a denominación do concello *da Cañiza*, vixente ata a actualidade, que pasará a denominarse **A Caniza** na nova versión do *Nomenclátor de Galicia*. Fíxoo tras iniciar de oficio un proceso de revisión do topónimo para restaurar a forma propiamente galega, *A Caniza*, que coincide coa palabra do léxico común recollida no *Dicionario da Real Academia Galega* con diferentes acepcións, todas elas facendo referencia a estruturas ou obxectos realizados mediante varas ou canas tecidas.

Trátase, por tanto, dun derivado de cana (< latín CANNA) a partir do étimo CANNICEA. Segundo sinala o académico e investigador Gonzalo Navaza na obra *Fitotoponimia galega*, *canizo* e *caniza* aluden na toponimia ao uso de canas ou varas “para pechar leiras ou defender do vento as hortas ou plantacións, aínda que non podemos descartar a posibilidade dun uso como sinónimo de cabaceiro ou hórreo”.

As formas *canizo* e *caniza* están plenamente vixentes na microtoponimia galega: segundo datos do portal Galicia Nomeada, existen 501 lugares no territorio galego cuxa denominación inclúe o topónimo *canizo* e 144 *caniza*.



1 Distribución dos topónimos *Canizo* e *Caniza* na microtoponimia galega, segundo datos do portal Galicia Nomeada, <https://galicianomeada.xunta.gal/>

O topónimo está atestado desde antigo: na Idade Media a localidade da Caniza estaba incluída no couto das Achas, pertencente ao mosteiro da Franqueira. Na documentación deste mosteiro hai rexistros do topónimo *A Caniza* (“outra nosa leira e seve da Caniza”, ano 1297) que talvez non se refiren a esta localidade, pero que en calquera caso testemuñan a existencia do nome na toponimia da zona.


En el lugar de la canilla a veinte e tres dias del mes de marzo del año de mill e quinientos y ochenta y tres años yo el notario fernan rodriguez rassa co ruiano de sumas e recezo de uso e ofo de re que rimien a delo po parte presidente de la fan quera non figure la real ptoa sion de los ppos senore e legente y oid ores a traí contenida a don dgo sarmien to señor de balledeas a bas en su persona y le deslon su e fecho y ate para la ptoa de los vienes delo po

Noutro documento do 1589 cítase a “villa de la Caniça, que es en el balle de las achas & reino de Galicia”.

[Redacted]


3“En la villa de la Caniça” ES.41091.AGI//CONTRATACION,234,N.2,R.8, PARES

Nunha relación de bens de Álvaro de Buiza do ano 1595 lemos “villa de la Caniça que es en el Valle de las Hachas del rreyno de Galicia”:




4 PARES: ES.41091.AGI//CONTRATACION,234,N.2,R.8

Nas referencias en textos escritos en castelán, o topónimo aparece frecuentemente castelanizado como *La Cañiza*, e con esta forma adoita rexistrarse na documentación posterior á creación da parroquia. Con todo, en fontes coma o Catastro de Ensenada (1753) e no seu expediente de comprobacións (1764), á beira da forma deturpada tamén se rexistra en ocasións a forma lexítima.



5 “Lugar de la caniza” no Catastro de Ensenada



6 “al sitio do rregueiro da Caniza” nas *Comprobacións do Catastro de Ensenada* (páx. 216)

Tamén anotou a forma propia sen castelanizar o padre Martín Sarmiento na súa viaxe a Galicia do ano 1755: “Y la altissima cordillera de Franqueira, **Caniza**, y Paradante o Pedra de Anta que es el remate azia Mourentan”:

como el Pico Sacro. Mas alla el Suido, rendondo, con Sierra que mira al Sur. El Faro de Melon. Y la altissima cordillera de Franqueira, Caniza, y Paradante o Pedra de Anta que es el remate azia Mourentan. A la izquierda viniendo a Fonte Branca, ay San Lorenzo de Fustans: Poulo y Escudeiros. Fonte Branca está entre Santa Maria de Pau, y la feligresia de Penosiños al Oriente.—[Pág. 107] Desde Fonte Branca a Calvos. Ponte dos

7 Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento (1754-1755), páx. 101

Desde o nacemento do concello, nas primeiras décadas do século XIX, empregouse na súa denominación oficial a forma deturpada, *La Cañiza* ou simplemente *Cañiza*. Esta forma figura, por exemplo, no repartimento xeral publicado en 1821 onde aparecen relacionados os concellos e partidos xudiciais que formaban parte de Galicia:

20. PARTIDO DE CAÑIZA.		
1.º	Cañiza.	31.028. 13.
2.º	Cobelo.	54.941. 30.
3.º	Baleige.	19.298. 17.
4.º	Oroso.	13.122. 17.
5.º	Creciente.	24.347. 23.
6.º	Freijo.	20.871. 17.
7.º	Albeos.	29.255. 6.
8.º	Arbo.	11.646. 23.
9.º	Bareda.	14.535. 10.
10.	Parada.	16.434. 24.
11.	Filgueira.	22.120. 27.
		256.603. 3.

8 Partido de Cañiza no repartimento xeral de 1821 onde aparecen incluídos os diferentes concellos que daquela formaban Galicia. Tirado de Fariña Jamardo (1990)



O nome oficializado xa no século XIX contribuíu a fixar o topónimo castelanizado entre a poboación. Porén, o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega puido comprobar que a memoria do orixinario *A Caniza* sobreviviu ata actualidade entre os falantes da zona, especialmente nos de maior idade, aínda que cada vez nun uso máis minoritario.

Tendo en conta que a lei establece que a forma oficial dos topónimos de Galicia é unicamente a galega e que a forma *Cañiza* é allea á lingua galega, **o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega propuxo oficializar o topónimo *A Caniza* para o nome da vila, da parroquia e do concello.**

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas de la feligresía de Santa Cristina de Valeije (Albeos, Tuy), efectuado por decreto de diciembre de 1760 para el establecimiento de la Única Contribución.
<<https://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/show/6088787?nm>> [Consultado: 12/12/2025]

Fariña Jamardo, Xosé (1990). *Os concellos galegos. Parte xeral*. A Coruña: Fundación Barrié.

Navaza, Gonzalo (2006). *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Barrié. Biblioteca Filolóxica Galega do Instituto da Lingua Galega.

Portal de Archivos Españoles [PARES]. <<https://pares.cultura.gob.es/inicio.html>> [Consultado: 12/12/2025]


Sarmiento, Martín (1950). *Viaje a Galicia de Fray Martin Sarmiento (1754- 1755)*. Ms. de la Abadía de Silos transcrito por Fr. Mateo del Álamo y Fr. Justo Pérez de Urbel; edición y notas de F.J. Sánchez Cantón y J.M. Pita Andrade. Santiago de Compostela: Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos.

A RIBEIRA DE PIQUÍN

O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega decidiu mudar a denominación do concello de Ribeira de Piquín, ata agora vixente, que pasará a denominarse **A Ribeira de Piquín** na nova versión do *Nomenclátor de Galicia*. A investigación sobre este topónimo abriuse de oficio tras comprobar os membros do seminario o uso da forma con artigo entre a poboación local.


A Ribeira de Piquín é un concello relativamente recente: constituíuse o 6 de maio de 1933 tras segregarse as parroquias de Santalla, Navallos e San Xurxo de Piquín do municipio ao que ata entón pertencían, Meira. A elas xuntaríanse máis adiante as outras dúas freguesías que forman o concello, Os Vaos (pertencente á Fonsagrada) e Santiago de Acevo.

O nome con que naceu o concello tomouse dunha demarcación xeográfica tradicional. A *Ribeira de Piquín* servía para denominar a parte das Terras de Burón que quedaba nas marxes do río Eo. Con ese significado aparece nunha das poucas atestacións que temos do topónimo na documentación antiga, o tomo XVIII da obra *España Sagrada. Theatro geográfico histórico de la Iglesia de España*, titulado *De las iglesias Britoniense y dumiense incluidas en el actual de Mondoñedo*, escrito por frai Henrique Flórez e publicado en 1764. Nel menciónase “la Ribera de Piquín”, con artigo castelanizado, na descrición da parte occidental do curso do río Eo.




9 España Sagrada. Theatro geográfico histórico de la Iglesia de España, titulado *De las iglesias Britoniense y dumiense incluidas en el actual de Mondoñedo*

É ben revelador para repoñerlle o artigo a este topónimo o acordo do Concello de Meira en que se aproba o nacemento do novo municipio e a súa denominación oficial. Na exposición dos motivos que levaron a solicitar a segregación das tres parroquias e a constitución dunha nova entidade, as persoas propoñentes alegaron que o concello de Meira estaba formado por dúas “comarcas esencialmente diferentes” entre as que mediaba a serra de Meira, unha barreira natural “sin vías que pongan en comunicación a la Ribeira de Piquín” coa capital municipal.



10 Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 30 de maio de 1933

Máis importante é o punto c) do texto, que se pode consultar no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 30 de maio de 1933, pois nel afírmase “que el nuevo Ayuntamiento se denominará De la Ribera de Piquín”, denominación que inclúe o artigo.



11 Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 30 de maio de 1933

Xa que logo, o artigo que agora se restaura estivo presente desde o momento da creación deste concello, *A Ribeira de Piquín*. Descoñecemos o motivo que levou a que finalmente este non figurase na versión oficializada na Gaceta de Madrid do 9 de xullo de 1933, onde ademais aparece como *Rivera de Piquín* (sic).

comunica el Alcalde de Meira, se han segregado del mismo, para constituir Municipio independiente, con la denominación de Rivera de Piquín, cuyo acuerdo es firme, las entidades locales menores de San Jorge de Piquín, Santalla de Piquín y Navallos, con un total de 2.241 habitantes, quedando la matriz con el de 2.125, estando, por tanto, comprendida en el término del Ayuntamiento de Meira.

12 Gaceta de Madrid número 190 do 9 de xullo de 1933

A defensa da inclusión do artigo na denominación oficial do concello da Ribeira de Piquín vese apoiada polo uso na oralidade da veciñanza, que se constatou en múltiples conversas coa poboación local do técnico de campo do Proxecto Toponimia de Galicia que recolleu a microtoponimia deste concello, quen salientou nos seus informes o uso xeneralizado do artigo nas aldeas en que realizou o traballo de campo. O uso oral fica tamén rexistrado nunha das coplas que compilou a musicóloga Dorothé Schubarth na súa basta obra *Cancioneiro popular galego*:

A Ribeira de Piquín,
ribeira de muita fame,
o pouco leite que collen
derrámano con filame.

Con estas probas, o **Seminario de Onomástica da RAG tomou a decisión unánime de modificar a denominación oficial deste concello engadíndolle o artigo, A Ribeira de Piquín.**

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

[Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 123 do 30 de maio de 1933](#)

Flórez, Henrique (1764). “[De las iglesias Britoniense y dumiense incluidas en el actual de Mondoñedo](#)”. *España Sagrada. Theatro geográfico histórico de la Iglesia de España*, XVIII.

[Gaceta de Madrid número 190 do 9 de xullo de 1933.](#)


Amor Meilán, M. (1928?). *Geografía general del Reino de Galicia*. Lugo. Barcelona: Alberto Martí.

Schubarth, D. e Santamarina, A. (1988). [Cancioneiro popular galego. Volume IV, tomo 2](#). A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

ALFOZ DO CASTRODOURO


O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega ditaminou mudar a denominación do concello de *Alfoz*, que pasará a se denominar **Alfoz do Castrodoouro**. Fíxoo tras iniciar un proceso de revisión do topónimo por unha reclamación popular que chegou ao propio seminario en que se solicitaba recuperar a denominación histórica do municipio.

O concello naceu coa denominación en castelán de *Alfoz del Castro de Oro*. Así figura no [Boletín Oficial da Provincia do 22 de novembro de 1835](#), documento en que se publica a relación dos concellos establecidos na provincia de Lugo ao abeiro do Real decreto do 23 de xuño de 1835.



13 Boletín Oficial da Provincia do 22 de novembro de 1835

Con anterioridade, xa se viña empregando esta denominación: no primeiro [Boletín Oficial da Provincia de Lugo, publicado o 24 de abril de 1834](#), o subdelegado principal de Fomento, José María Moscoso de Altamira, ordenou que os xuíces e xustizas da provincia recibisen o citado boletín para difundilo entre a poboación. Na relación dos diferentes territorios que se anexa á orde aparece citado “Alfoz del Castro de Oro”.



14 Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 24 de abril de 1834

O concello mudou a súa denominación da orixinal en castelán *Alfoz del Castro de Oro* a simplemente *Alfoz* a mediados do século XIX, segundo consta na [base de datos de alteracións dos municipios nos censos de poboación do Instituto Nacional de Estadística](#).

Instituto Nacional de Estadística

Censo Electoral Sede electrónica Compartir

INEbase / Demografía y población / Alteraciones de los municipios en los Censos de Población desde 1842

Nueva selección | Descargar como Excel | Ir | Metodología | Publicaciones | ?

INEbase

Alteraciones de los municipios en los Censos de Población desde 1842

Provincia: 27 Lugo Municipio: 27002 Alfóz


	Censo 1842 [1]	1857	1860	1877	1887	1897	1900	1910	1920	1930	1940	1950	1960	1970	1981	1991	2001	2011	2021
Población de Hecho	..	3873	4032	3192	3611	3747	3713	3726	3617	3639	4017	4011	3708	3205	2858	2645	..	..	..
Población de Derecho	4379	..	..	3304	3722	3806	3795	3947	3959	4066	4271	4219	4002	3253	2916	2690	2382	2022	1611
Hogares	876	991	954	897	870	903	895	875	788	776	921	823	836	864	825	817	810	685	671

[1] En este Censo se denominaba Alfóz de Castro de Oro

Nueva selección


15 Banco de datos do INE onde se rexistran as alteracións municipais dos concellos desde 1842

Porén, hai abundosa documentación que demostra que o municipio continuou a empregar nas décadas seguintes a denominación composta en castelán de *Alfoz del Castro de Oro* ou *Alfoz de Castro de Oro*. É o nome que aparece no volume dedicado á provincia de Lugo da obra *Geografía general del reino de Galicia*, onde ademais podemos ver o selo que empregaba o concello a comezos do século XX:




16 Capítulo dedicado ao concello de Alfóz "O Alfóz del Castro de Oro, como también se le llama" na obra *Geografía general del reino de Galicia*.

O uso do topónimo orixinario por parte das administracións chegou mesmo ata a década dos 80 do pasado século e pode comprobarse no *Boletín Oficial da Provincia*, dispoñible en [Galiciana](#):



17 Boletín Oficial da Provincia de Lugo [do 11 de marzo de 1985](#)

O nome con que naceu o concello tomouno da antiga xurisdición do castelo de Castrodouro, cuxos antecedentes están xa no ano 1220 cando o rei Afonso VIII lles concede o privilexio de Benavente á poboación “[quantum habet in termino de Ourio pro alfoz, exceptis ecclesiis cum suis hereditatibus](#)”. O nome da xurisdición naceu na Idade Media e mantívose nos séculos seguintes.



18 Denominación da xurisdición de “Alfoz de Castro de Oro” nas respostas xerais do interrogatorio do Catastro de Ensenada da parroquia de Lagoa

Na documentación antiga son comúns as formas *Alfoz do Castrodouro*, *Alfoz do Castro Douro* e as castelanizadas *Alfoz del Castro de Oro*, *Alfoz de Castrodoro*... Moitas destas atestacións poden comprobarse no artigo “[Del Castro de Aurio al Castro D'ouro: los vaivenes históricos de un conglomerado urbano rural en la Galicia de la Edad Media](#)”, de Carlos Andrés González Paz.

Hoxe é moi minoritario o uso na oralidade do topónimo histórico, *Alfoz do Castrodouro*. Aínda así, a poboación da zona reconece que este foi o nome antigo que tivo o municipio. Canto á fixación definitiva do topónimo coa grafía aglutinada, *Castrodouro*, influíu a tradición gráfica consolidada dos últimos séculos e o uso oral dos veciños para o nome da parroquia do *Castrodouro*, en semellanza ao que acontece co concello do *Valadouro*, regado polo mesmo río Ouro e así fixado no *Nomenclátor* oficial de entidades de poboación de Galicia. **Por tanto, ademais da mudanza do nome oficial do concello, tamén se cambiará no novo *Nomenclátor* o nome da parroquia do *Castro de Ouro*, que pasará a escribirse como *O Castrodouro*.**

BIBLIOGRAFÍA E FONTES DOCUMENTAIS

Álvarez Blanco, Rosario (coord): *Gallaeciae Monumenta Historica*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. <<https://gmh.consellodacultura.gal/>> [Consultado: 12/12/2025]

Boletín Oficial da Provincia de Lugo. <<https://biblioteca.galiciiana.gal/es/consulta/registro.do?id=5636>> [Consultado: 12/12/2025]

González Paz, Carlos Andrés (2024). *Del Castro de Aurio al Castro d'Ouro. Los vaivenes históricos de un conglomerado urbano rural en la Galicia de la Edad Media*. En Carlos Baliñas Pérez, Carlos Andrés González Paz (coord): *Da vila do Castro d'Ouro ao concello de Alfoz: oitocentos anos na historia*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC), Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.

Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>> [Consultado: 12/12/2025]

O CAMPO LAMEIRO

O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega decidiu mudar o nome oficial do concello de *Campo Lameiro*, ata agora vixente, que pasará a denominarse *O Campo Lameiro* na vindeira versión do *Nomenclátor de Galicia*. Fíxoo de oficio ao manifestaren algúns membros do seminario que a forma oral en habitantes da contorna incluía o artigo.

Na investigación quedou claro que o nome do concello pontevedrés do **Campo Lameiro** é un exemplo **de topónimo de gabinete**, isto é, unha denominación artificial auspiciada desde o ámbito administrativo e que non gozaba de uso real no momento en que se creou. A denominación vixente ata a última versión do *Nomenclátor*, **Campo Lameiro** sen artigo, foille imposta hai máis dun século por medio do [Real decreto do 27 de xuño de 1916](#), publicado na *Gaceta de Madrid* do 2 de xullo do mesmo ano. Este texto lexislativo tiña como finalidade evitar as homonimias das denominacións oficiais dos concellos do Estado e constitúe unha ampla reforma do nomenclátor municipal español, pois afectaría a 573 concellos.

PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Campo, partido de Caldas, se chamará
Campo Lameiro.

Salceda, partido de Túa, se chamará
Salceda de Caselas.

Salvatierra, partido de Puenteáreas, se
chamará Salvatierra de Miño.

19 Gaceta de Madrid do 2 de xullo de 1916


A proposta desta renovación nominativa partiu da Real Sociedade Xeográfica de Madrid e ten os seus antecedentes uns anos antes, en 1907. Nun informe que esta institución remitiu á Deputación de Pontevedra, indicou a conveniencia de que diferentes municipios da provincia mudasen a súa denominación oficial. Para o caso que estamos a estudar, propúñase a denominación oficial de **Campo Lameiro**, pois a denominación vixente pola altura, **Campo**, coincidía coa doutros dous municipios españois, **El Campo** en Cáceres (hoxe Campo Lugar e Campo de Alcántara na proposta de 1916) e **Campo** en Huesca. [Segundo a académica correspondente e membro do Seminario de Onomástica da RAG Luz Méndez](#), este nome artificial nacía de sumarlle ao nome tradicional do *Campo* o topónimo dun lugar adxacente, *O Lameiro*.

Do informe da Real Sociedade Xeográfica deuse conta [na Comisión Permanente da Deputación de Pontevedra do 6 de xullo dese ano](#), que aceptou a proposta e no sucesivo denominou este concello como **Campo Lameiro** na súa documentación oficial, mesmo antes de publicarse o decreto de 1916. O propio concello fixo tamén efectiva a mudanza,


[como demostran diferentes testemuños documentais que emanan da administración local.](#)

Como vemos, **O Campo Lameiro** naceu simplemente como **Campo**, sen artigo, o 3 de decembro de 1836 tras a fusión de tres concellos constitucionais existentes pola altura: *Moimenta, Fragas e Campo* (sic). Neste decreto de 1836 establécese como capital municipal a localidade **da Feira do Campo**, *Feira del Campo* no texto lexislativo, hoxe inexistente. Como vemos, había daquela unha contradición entre o nome do concello, sen artigo, e o lugar e mais a parroquia en que se fixa a capital municipal, con artigo.

Agora ben, a pesar de que o nome fixado para o municipio carecía de artigo como acabamos de ver, *Campo*, existen abondosos exemplos do seu uso con artigo mesmo na documentación administrativa: fixémonos, por exemplo, nas [contas municipais do ano 1851](#) ou [nas relacións remitidas polos concellos para a formación de lista electoral de deputados a Cortes contribuíntes do ano 1854](#). Nestes dous testemuños, a forma única empregada é *Ayuntamiento del Campo*, co artigo castelanizado.



20 Contas municipais do "Ayuntam.^{to} Const.^l del Campo". Fonte: ATOPO



21 Relacións remitidas polos concellos para formación de lista electoral de deputados a Cortes contribuíntes do ano 1854. Fonte: ATOPO



Queda claro que o nome do lugar e mais da parroquia onde se sitúa a capital municipal é *O Campo*, forma histórica e tamén propia da oralidade da veciñanza deste concello. Agora ben, a fixación do nome oficial en 1916 actuou como referente para que o artigo se fose perdendo na oralidade na denominación dun concello que ata entón tamén era coñecido como *O Campo*, como demostran os testemuños escritos polo propio concello ao longo do século XIX.

Á vista desta documentación, o **Seminario de Onomástica da Real Academia Galega ditaminou restaurar o artigo que usa a poboación do Campo Lameiro e tamén por coherencia co nome oficial da parroquia, O Campo**

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

ATOPO, Catálogo documental e bibliográfico da Deputación de Pontevedra <<https://atopo.depo.gal/>> [Consultado: 12/12/2025]


[Resolución de los 578 ayuntamientos de España comprendidos en la propuesta de la Real Sociedad Geográfica, cuyos nombres se modifican con sujeción a lo prevenido en el Real Decreto de esta fecha.](#) *Gaceta de Madrid* núm. 184 do 2 de xullo de 1916.

Méndez Fernández, L. (2016). [Galicia no decreto de 1916](#). *Boletín da Real Academia Galega* 377, pp. 365–386.

CANGAS DE MORRAZO

O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega ditaminou mudar o nome oficial do nome concello de *Cangas*, vixente ata a actualidade, que pasará a denominarse **Cangas de Morrazo** na próxima versión do *Nomenclátor*. Fíxoo de oficio ao decatárense varios membros do seminario de que na documentación histórica aparecía cun nome composto e tamén era usado con esta forma pola poboación da contorna.

O nome oficial con que figurou en todos os censos de poboación e nomenclátors oficiais ata a actualidade foi *Cangas*, desde a súa constitución a través da Real orde do 8 de febreiro de 1837 en que se publicaba a nova planta dos concellos constitucionais da provincia de Pontevedra:



Corresponde á este Ayuntamiento dos Alcaldes, ocho Regidores y dos Procuradores Sindicos.

	Villa de Cangas, (Capital) Santiago.	595	2470	5
	Coiro, S. Salvador.	306	1328	5
Cangas.	Darvo, Sta. María.	237	752	5
		1138	4550	15

22 Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 25 de febreiro de 1837

Ademais, a forma composta **Cangas de/do Morrazo** goza de forte presenza, especialmente con artigo, nos usos orais da poboación da contorna e nos textos escritos modernos. Esta forma é herdeira da denominación da antiga xurisdición á que pertencía o territorio, **Terra de Morrazo**, atestada en documentos da Idade Media sen artigo, como se pode comprobar nas buscas realizadas no [Tesouro Informatizado da Lingua Galega](#):


- “Item en terra de Morraço, a meadade da igrexa de Santa Maria de Çella”, 1390
- “morador ãa fiigresia de San Johan de Tirana que he en terra de Morraço”, 1434

Con anterioridade, o topónimo aparece mencionado en documentos do século XIII e XIV, tamén sen artigo:


- “ygreias que fon en Morraço def Meira atra Ponte Uedra”, 1299
- “Domingo Perez, notario jurado de Morraço”, 1317
- “mando a a hermidia (...) de morraço”, 1347

Tamén aparece incluído en cadeas onomásticas dos séculos XIV, XV e XVI, todas elas sen artigo: “Martín Peres de Morraço” (1307); “Johán de Morraço, alfayate, morador em Pontevedra” (1388); “Men González de Morrazo, cardeal de Santiago” (1489)...

A xurisdición antiga, *Terra de Morrazo*, e mais o nome da vila continuaron a aparecer sen artigo en textos en castelán dos séculos seguintes:



23 Apeos, bienes y rentas del monasterio en tierra de Morraço ante los escribanos Esteban Fernández y Jerónimo de Chaves, 1615-1616. Fonte: PARES



24 Autos ejecutivos obrados en virtud de la ejecutoria del Coto de Vilela y el Casal de Otero y Fondevilla, 1756. Fonte: PARES

Por estes motivos, os membros do Seminario de Onomástica concluíron que a forma con artigo é innovadora por influencia do castelán, polo que ditaminaron por unanimidade a forma histórica e ben documentada **Cangas de Morrazo** para o nome da vila, da parroquia e do concello.



FONTES DOCUMENTAIS E BIBLIOGRAFÍA

Álvarez Blanco, Rosario (coord). Gallaeciae Monumenta Historica. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. <<https://gmh.consellodacultura.gal/>> [Consultado: 12/12/2025]

Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. <<https://atopo.depo.gal/>> [Consultado: 12/12/2025]


PARES, Portal de Archivos Españoles. <<https://pares.cultura.gob.es/inicio.html>> [Consultado: 12/12/2025]

Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-). Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>> [Consultado: 12/12/2025]

O CASTRO DE CALDELAS


O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega ditaminou cambiar a denominación oficial do concello de *Castro Caldelas*, vixente ata a actualidade, que pasará a denominarse **O Castro de Caldelas** na próxima edición do *Nomenclátor de Galicia*. Fíxoo de oficio tras detectar diverxencias nas fontes antigas e tamén ao contrastar que a capital municipal figuraba no *Nomenclátor* vixente como *O Castro*, con artigo, uso común na oralidade entre a veciñanza da contorna

Nas fontes documentais que se consultaron existe disparidade de usos, pero é maioritaria a forma *O Castro de Caldelas* nos textos antigos. Así, nun testamento datado o 14 de maio de 1376, Johan Martines deixa o seu “[seelo de prata a Santa Maria do Castro de Caldellas](#)”. Noutro documento datado en 1408, o abade do mosteiro de Montederramo afora un souto a Joan dos Novás, zapateiro, morador “[eno Castro de Caldelas](#)”.




Foro outorgado por Gonzalo, abade do mosteiro de Montederramo, a Xoán dos Novás, zapateiro, morador en El Castro de Caldelas, e á súa muller, Tareixa Eanes, do souto do Lombo e as casas e herdades que tiñan no couto de Chandrexa, por tres cuarteiros de castañas secas. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fonte: Galiciana

A forma con artigo e unida con preposición tamén aparece en múltiples textos en castelán do séculos seguintes. Citaremos só un par de exemplos dos moitos que se poden comprobar en arquivos dixitais como [Galiciana](#) ou [Pares](#): nun documento de 1528, recóllese unha venda outorgada por Juan da Rasa a Afonso Trabajo, [veciño “dla villa dl Castro de Caldelas”](#).



Venda outorgada por Xoán da Rasa, o Vello, veciño do lugar de Rasa, a Afonso Trabajo, veciño da vila do Castro de Caldelas, do lugar de "Vilagoyo" e da cabana de Camba, por catro ducados ou mil cincocentos pares de brancas. Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Fonte: Galiciana


Unha forma idéntica, "[el Castro de Caldelas](#)", atéstase noutro texto de 1594.



Rexistro de escrituras (1594). Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela. Fonte: PARES

Entre os testemuños históricos, cómpre salientar pola súa importancia documental o Catastro de Ensenada, o minucioso censo realizado a mediados do século XVIII por orde do marqués de la Ensenada co fin de acometer unha reforma fiscal na coroa de Castela. Cada un dos documentos que se conservan no Arquivo Histórico Provincial de Ourense relativos ao Castro de Caldelas ([disponíbles dixitalmente en Galiciana](#)), tanto o Persoal de

eclesiásticos, o Persoal de leigos, o Real de eclesiásticos ou o Real de leigos, iníciase coa mesma fórmula, “En la villa del Castro de Caldelas”.



Real de eclesiásticos da vila do Castro de Caldelas

O nome oficial do concello foi *Castro Caldelas* en todos os nomenclátore de poboación dende o século XIX, feito que contribuíu, sen dúbida, a fixar entre a poboación esta denominación. Porén, mantense viva na oralidade a forma *O Castro* para referirse á capital municipal e á parroquia. Valla como testemuño oral a cantiga recollida por Dorothé Schubarth no Castro de Caldelas: “[Si Piñeiro fora vila / e San Martiño ciudá, / ás rapaciñas do Castro / pasáball'a vanidá.](#)”

Tamén rexistramos o uso da forma **O Castro de Caldelas** en textos escritos galegos da Idade Moderna e Contemporánea, como se pode comprobar nunha busca no [Tesouro Informatizado da Lingua Galega](#). Cómpre destacar o uso reiterado da forma plena que fai o escritor Vicente Risco, vinculado con este concello ourensán. Especialmente salientable é o estudo “[O Castro de Caldelas. Monografía xeográfica i-etnográfica d'unha vila da nosa terra](#)”, Volume I dos *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos*.

Tendo en conta estes testemuños e dado que no *Nomenclátor* de 2003 xa estaba ditaminado para o nome da vila **O Castro de Caldelas**, o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega ditaminou por coherencia cambiar tamén o nome da parroquia e do concello, aínda que para este último somos conscientes de que xa estaba asentada a forma **Castro Caldelas**.



FONTES E BIBLIOGRAFÍA

Galiciana, Arquivo Dixital de Galicia <<https://arquivo.galiciana.gal/>> [Consultado: 12/12/2025]

PARES, Portal de Archivos Españoles <<http://pares.cultura.gob.es/inicio.html>> [Consultado: 12/12/2025]

Risco, Vicente (1927). [O Castro de Caldelas. Monografía xeográfica i-etnográfica d'unha vila da nosa terra](#). *Arquivos do Seminario de Estudos Galegos I*. Santiago de Compostela: Seminario de Estudos Galegos, pp. 53-86.

Santamarina, Antón (dir.) / Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja: *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/TILG/>> [Consultado: 12/12/2025]

Schubarth, Dorothé e Santamarina Fernández, Antón (1988). *Cancioneiro popular galego. Tomo IV, volume II*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.

O PORTO DO SON

O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega decidiu mudar o nome do concello de *Porto do Son*, vixente na actualidade, que pasará a chamarse **O Porto do Son**, con artigo, na próxima edición do *Nomenclátor de Galicia*. O seminario iniciou un informe de oficio tras detectar o uso do artigo tanto nas fontes documentais coma nas fontes orais.

O concello do Porto do Son foi creado en 1836 reunindo diferentes parroquias que no Antigo Réxime pertencían ás xurisdicións de Noia, O Caramiñal e Rianxo. Resulta reveladora a denominación coa que aparece o municipio na relación dos partidos xudiciais creada ao abeiro do Decreto do 23 de xullo de 1835 para o arranxo provisional dos concellos do reino. A relación do partido xudicial de Noia, ao que pertence o concello do Porto do Son, publicouse o 22 de xuño de 1836 e nela figura, en castelán, como “Ayuntamiento del Puerto del Son”.

AYUNTAMIENTO DEL PUERTO DEL SON, EN S. VICENTE DEL NOAL. Parroquias que lo forman.		824.	3,514.
Noal, san Vicente,	, , ,	353,	1,475,
Nebra, santa María,	. , ,	192,	1,056,
Queiruga, san Esteban,	, , ,	77,	360,
Baroña, san Pedro,	, , ,	107,	523,
Caamaño, santa María,	, , ,	55,	256,
Juño, santa Marina,	, , ,	102,	422,
Muro, san Pedro,	, , ,	80,	552,
Miñortos, san Martin,	, , ,	114,	504,
Goyanes, san Saturnino	, , ,	128,	612,
Ribasieira, san Pedro,	, , ,	30,	190,


25 Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 22 de xuño de 1836. Fonte: bop.dacoruna.gal

A pesar disto, o nome do concello aparecerá sen artigo en todos os nomenclátors de poboación desde 1840 ata o actual vixente. Este feito non impediu que a Deputación da Coruña e o propio concello emitisen documentación en que figurase o nome con artigo en diferentes épocas:

- “[Alcaldía del Puerto del Son](#)”, BOP do 18 de maio de 1939
- “[Ayuntamiento constitucional del Puerto del Son](#)”, BOP do 23 de outubro de 1839
- “[Ayuntameinto constitucional del Puerto del Son](#)”, BOP do 9 de novembro de 1842
- “[Se halla vacante la secretaría del Ayuntamiento del Puerto del Son](#)”, BOP, do 14 de febreiro de 1867


Esta forma con artigo responde ao uso oral que debeu ter o topónimo no pasado e correspóndese coa documentación histórica que hai sobre el. Malia existiren poucos rexistros medievais do lugar do *Porto do Son*, o académico Gonzalo Navaza menciona na

obra [Os nomes dos concellos da provincia da Coruña](#) o uso do topónimo con artigo en diferentes textos antigos: *del puerto doçón* en 1536; ou *del puerto del Çon* en 1544. A eles cómpre sumarmos un *do porto doçon* que atestamos [nun documento do ano 1511](#) e que se conserva no Arquivo do Reino de Galicia:




26 “do porto doçon” nun texto do ano 1511. Fonte: Galiciana

A forma con artigo castelanizada tamén aparece de xeito constante na documentación dos séculos seguintes. Véxase, por exemplo, unha executoria do preito litigado polo concello, a xustiza, veciños e os mareantes do Porto do Son coa xustiza, rexemento e veciños de Muros pola pesca da ría, [datada no ano 1727](#). Nela cítase reiteradamente *El Puerto del Son*.



27 “El Puerto del Son” nun documento de 1727. Fonte: PARES

É relevante tamén o [rexistro de escrituras do ano 1793](#) do notario Francisco Antonio de Cernadas, veciño “del puerto del Son” tal como aparece na propia portada:



28 Rexistro de escrituras do notario Francisco Antonio de Cernadas, do ano 1793. Fonte: PARES

Entre 1754 e 1755, o Padre Martín Sarmiento, figura clave da ilustración, realizou a súa terceira viaxe por Galicia. No seu caderno de viaxe anotou no luns 11 de novembro: “Salimos para el Puerto del Son, o Zon, y rodeé por Carreyra”

[Pág. 34] A 11 de noviembre. Lunes.

Salimos para el Puerto del Son, o Zon, y rodeé por Carreyra, y así anduvimos cuatro leguas para dormir en el Zon. Vg.: De Santa Eugenia, o Uxia, a La Iglesia.—A Queiximonde, aquí la casa del cura.—A Fafián.—A la feligresía de San Payo de Carreyra, que es inmensa y de tres ducados.—A Mámoa.—A la Iglesia San Payo. Aquí y en la punta, hay una vista famosa. Véase la isla de Sálbora, casi continua con Los Carreyros de Carreyra. Hacia la ría tiene un gran peñón, que llaman el Noro. Véanse los Groves, la de Ons y La

29 Viaxe a Galicia de Fray Martín Sarmiento, 1754-1755


Entre os exemplos de documentos antigos en castelán que inclúen a forma con artigo, cómpre citar os numerosos casos atestados no Catastro de Ensenada, por exemplo a resposta á pregunta terceira do [Libro de interrogatorio da parroquia de San Vicente de Noal](#), en que se describe o territorio da propia freguesía, “incluiendose en ella el Puerto del Son”.

O RIÓS


O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega decidiu modificar a denominación oficial do concello ourensán de *Riós*, vixente na actualidade, que pasará a ser oficialmente *O Riós*, con artigo, en consonancia coa documentación histórica do topónimo e co uso aínda vivo na fala da poboación local.

O Riós é un topónimo de orixe controvertida. Na documentación medieval atéstase como “Orriolos” (a. 1029), “villa Urriola” (1031) ou “Orrios” (1204), como podemos comprobar no [Corpus Documentale Latinum Gallaeciae](#). Existen tres hipóteses etimolóxicas para explicar este nome de lugar: ben do latín HORREOLOS, diminutivo de HORREUM ‘tulla, celeiro, despensa’, pero existe o inconveniente de que nesta zona de Ourense non existe este tipo de construcións; ben a partir do latín RIVOLUS, ‘regueiros pequenos’, segundo proposta de Moralejo Lasso, pero isto tería que dar o topónimo Os Riós; ben a partir dunha raíz prerromana *Orr- co significado de ‘alturas, cumes’ ou ‘val entre montañas’, como [defende entre outros Vicente Feijoo Ares](#), común a outros topónimos de Ourense, Zamora e norte de Portugal: Orra, Urrós, Orreta..

Se ben é certo que a forma aglutinada e etimolóxica do topónimo *Orriós* se mantivo na escrita ata o século XIX, como podemos ver no *Parroquial de Tosar*, desde antigo produciuse unha segmentación do topónimo a partir da interpretación do o- inicial como artigo masculino. Formas como *O Riós* e a súa castelanización en *El Riós* aparecen xa en documentos do século XVI: por exemplo, no [Libro segundo de testamentos](#) do ano 1543 que se conserva no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela rexístrase un poder en que se menciona a igrexa de “Santa María de O rrios”, separado en liñas diferentes.




31 Orrios no Parroquial de Tosar




32 "Santa Maria de o rrios" no Libro segundo de testamentos do ano 1543 que se conserva no Arquivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela. Fonte: Galiciana

No Catastro de Ensenada de 1752 e [nas súas comprobacións dunha década despois](#) confírmase a consolidación da forma castelanizada coa falsa segmentación do artigo, pois así é como aparece en múltiples ocasións: "Sta Maria de el Rios", nas respostas xerais ao interrogatorio; ou "la villa del Rios", nas comprobacións.




33 Interrogatorio da freguesía de "S.^{ta} Maria de el Rios". Fonte: PARES



34 “En la Villa del Rios” nas comprobacións do Catastro de Ensenada

Esta forma segmentada tamén figura en obras de relevancia como o *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal* de Sebastián Miñano, onde a parroquia de “Ríos [Santa María del]” conta con entrada propia:



35 Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal de Sebastián Miñano

Cando se crea o concello ao abeiro do Real decreto do 23 de xullo de 1835, aparece denominado simplemente como *Ríos* (BOP núm. 57 do 19 de xullo 1836), forma coa que quedaría fixado o topónimo oficialmente ata a actualidade.

Esta instauración da denominación oficial do concello non impediu que na documentación oficial e mais en textos xornalísticos ou literarios, seguise aparecendo a forma con artigo,



como pode verse nunha busca en arquivos dixitais como Galiciana ou no Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG), por citarmos dous casos. Ademais, conservouse viva na fala da contorna: as formas “Estou no Riós”, “Vivo no Riós” ou “Son do Riós” son espontáneas e habituais. Mesmo existe [unha cantiga tradicional](#) recollida por diferentes cancioneiros que confirma este uso: “Viva Chaira, viva Chaira, / ai, viva Chaira do Riós / viva Chaira, viva Chaira, / ai, que da Chaira sómor nós”. O propio Concello do Riós [vén empregando nos últimos anos o topónimo O Riós](#) nos bandos municipais ou nas novas da páxina web municipal.

Por todo o anterior, o **Seminario de Onomástica da Real Academia Galega decidiu restaurar o artigo con este topónimo, O Riós, ben documentado e usado pola veciñanza, a semellanza doutros nomes de concello onde tampouco é etimolóxico coma no caso do Grove (< OCOBRE), O Incio (< ONITIO) ou A Baña (< ABANIA).**

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

Boullón Agrelo, A. I. (2011). [O artigo na toponimia galega: aspectos da estandarización](#). *Revista galega de filoloxía*, 12. Páx. 11-35

Corpus Documentale Latinum Gallaeciae. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <<https://corpus.cirp.gal/codolga/>> [Consultado: 12/12/2025]

Expediente de comprobación de bienes, rentas y cargas del lugar y coto de Trepaa en la feligresía de Santa María de Ríos (Ríos, Orense), efe ... Archivo General de Simancas <<https://pares.mcu.es:443/ParesBusquedas20/catalogo/description/6091680>> [Consultado: 12/12/2025]

Feijoo Ares, V. (2020). *O Seminario de Onomástica responde: O Riós* <<https://www.youtube.com/watch?v=C1gb-TU5A2A>> [Consultado: 12/12/2025]

González González, M. (dir.): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/dicionario>> [Consultado: 12/12/2025]

Libro segundo de 1543 (1542 / 1544). Archivo Histórico da Universidade de Santiago de Compostela <<https://arquivo.galiciana.gal/arpadweb/gl/consulta/registro.do?id=2333898>> [Consultado: 12/12/2025]

Miñano y Pascual, S. (1827). *Diccionario geográfico-estadístico de España y Portugal. VII*. Madrid: Imprenta de Pierart-Peralta.

Real decreto do 23 de xullo de 1835 para el arreglo provisional de los Ayuntamientos de la Península e Islas adyacentes. Gaceta de Madrid. Suplemento do 24 de xullo de 1835 <https://www.boe.es/diario_gazeta/comun/pdf.php?p=1835/07/24/pdfs/GMD-C-1835-206.pdf> [Consultado: 12/12/2025]

PASTORIZA

O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega decidiu modificar a denominación oficial do concello lucense da *Pastoriza*, vixente ata a actualidade, que pasará a chamarse oficialmente **Pastoriza**, en consonancia coa documentación histórica do topónimo e co uso vivo na fala da poboación local. Fíxoo por mor de varias reclamacións populares que chegaron ao seminario, entre elas, a do propio alcalde deste concello


Pastoriza é un topónimo relativamente frecuente no país: alén do lugar, parroquia e concello lugués, existen outras quince entidades de poboación así denominadas ou que inclúen este termo, así como unha parroquia no concello coruñés de Arteixo. Existe un consenso na investigación toponímica en vencellar este topónimo co étimo PASTORICIAM, ‘pasteiro’, adxectivo derivado do termo latino PASTUM, participio do verbo PACERE ‘pacer’. Cómpre salientar, ademais, que todas as entidades de poboación con este nome figuran no Nomenclátor de Galicia sen artigo, *Pastoriza*..

O concello de Pastoriza naceu tras a reforma da división xudicial e municipal da provincia de Lugo, publicada no [BOP do 18 de outubro de 1840](#). A denominación oficial con que xurdiu, sen artigo, mantívose ata finais do século XX, momento en que mudou para a forma vixente ata a actualidade, *A Pastoriza*. Porén, os membros do Seminario de Onomástica da RAG sosteñen que esta mudanza non estivo sustentada nun uso real na fala nin tampouco na documentación histórica do topónimo.


Así, na documentación medieval sobre o lugar e a parroquia de San Salvador de Pastoriza coincide en presentar o topónimo sen artigo inicial, como se pode comprobar no [Tesouro Informatizado da Lingua Galega](#) ou no [Gallaeciae Monumenta Historica](#):

- “De Britonia et de Pastoriza” [nun documento do tombo de Lourenzá](#) datado entre 1150 e 1266
- “yglesia de Pastoriça” nun documento da [Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo](#), datado no ano 1488

Esta mesma solución sen artigo é a que podemos atopar en documentos dos séculos seguintes, como nas comprobacións do Catastro de Ensenada ou no dicionario de [José Villarroel](#) de 1810.



36 Interrogatorio do Catastro de Ensenada da parroquia de San Salvador de Pastoriza. Fonte: PARES



37 Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, caserías [sic], cotos, ventas, castillos, prioratos de todo el Reyno de Galicia de José Villarroel

Como se puido comprobar a través de diferentes chamadas telefónicas e conversas coa veciñanza deste concello, o uso vixente na poboación local e da contorna segue a ser sen artigo. Este uso oral vese referendado polas múltiples concorrencias do topónimo na prensa escrita dos séculos XIX e XX, así como en textos literarios e ensaísticos galegos anteriores á modificación do nome oficial do concello, onde o uso é practicamente exclusivo sen artigo, como se pode comprobar nas buscas no [Tesouro Informatizado da Lingua Galega](#).

Por estes motivos, o Seminario de Onomástica da Real Academia Galega ditaminou por unanimidade a forma **Pastoriza** para o nome da capital municipal, da parroquia e do concello.



FONTES E BIBLIOGRAFÍA

Álvarez Blanco, Rosario (coord.): *Gallaeciae Monumenta Historica*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. <<https://gmh.consellodacultura.gal>>

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo núm 84 do 18 de outubro de 1840
<http://biblioteca.galiciiana.gal/es/catalogo_imagenes/grupo.do?path=1351014&presentacion=pagina&posicion=3®istrardownload=0> [Consultado o 12/12/2025]

Santamarina, Antón (dir.) / Ernesto González Seoane / María Álvarez de la Granja: *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (Versión 4.1)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.gal/TILG/>> [Consultado: <12/12/2025>]

Varela Barreiro, Xavier (dir.) (2004-). *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. <<http://ilg.usc.es/tmilg>> [Consultado: 12/12/2025]

Villarroel Pérez de Baños, José (1810). *Diccionario nomenclator de las ciudades, villas, aldeas, caserías [sic], cotos, ventas, castillos, prioratos de todo el Reyno de Galicia*. Santiago de Compostela: Juan Francisco Montero.



CERDEDO COTOBADE, MONDARIZ BALNEARIO E OZA CESURAS

O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega ditaminou mudar as denominacións dos concellos de *Cerdedo-Cotobade*, *Mondariz-Balneario* e *Oza-Cesuras*, vixentes ata a actualidade, ás formas sen guión, ***Cerdedo Cotobade***, ***Mondariz Balneario*** e ***Oza Cesuras***.

Esta decisión tomouse tendo en conta os criterios establecidos nas [*Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*](#) para o uso do guión (páx. 31-34): este só se empregará naquelas palabras cuxas asociacións son “ocasionais, non fixadas na lingua”, como por exemplo *dicionario alemán-galego*; *estudo xurídico-económico*...

Isto non acontece cos nomes oficiais. De feito, no Nomenclátor ata agora vixente figuraban outros topónimos que contiñan dous substantivos en aposición e figuran escritos sen guión, como *Castro Caldelas* ou *Campo Lameiro*.